


**PRISMAS
CASA DAS CIENCIAS
Á DIVULGACIÓN**

**XXXII CONVOCATORIA
A CORUÑA, 2019**



**PRISMAS
CASA DAS CIENCIAS
Á DIVULGACIÓN 2019**

**XXXII CONVOCATORIA
A CORUÑA, 2019**

PRESENTACIÓN

A divulgación científica é o último chanzo dunha escada cara ao coñecemento que se debe sustentar na educación pública e alimentar con programas complementarios que estimulen a curiosidade e enraícen na nosa sociedade a certeza de que a ciencia e a innovación son as ferramentas adecuadas para mellorar o noso entorno e as nosas condicións. A educación pública é o único camiño para asegurar que toda a cidadanía pode acceder ao coñecemento e tamén a única maneira de garantir unha igualdade de oportunidades real, que reduza as probabilidades de que se dean situacións de discriminación e que nos converta nunha sociedade máis cohesionada e tamén máis aberta e plural. Estou convencido de que os froitos que recolleemos como sociedade, como os que representan estes premios á divulgación científica, están ao nivel da conciencia e o empeño que poidamos poñer para a consecución dunha educación de calidade, pública e universal.

Os premios Prismas teñen unha traectoria e unha saúde que falan moito do bo labor dos Museos Científicos da cidade pola divulgación do coñecemento neste ámbito. Contribúen a desmitificar o coñecemento e a facelo máis ac-

cesible e interesante para ao conxunto da cidadanía. Contribúen a achegar os avances, as novidades e as oportunidades que nos ofrece a investigación e a innovación máis alá da comunidade científica, dunha maneira asequible e didáctica. O Goberno local ten claro que o prisma cultural da nosa sociedade non pode estar completo sen integrar o coñecemento científico como unha cara máis do mesmo. Un traballo sempre aberto a melloras do que os premios Prismas son un dos seus piares máis firmes.

Xulio Ferreiro
Alcalde da Coruña

PRISMAS CASA DAS CIENCIAS Á DIVULGACIÓN 2018

BASES DA CONVOCATORIA

PREMIOS

Concederanse os «Prismas de Bronce» aos mellores traballos de divulgación científica nas modalidades de vídeo, novos medios, texto inédito, libro editado, artigo xornalístico, radio e proxectos singulares. O Xurado outorgará ademais un «Prisma Especial» a persoas ou institucións que se significaron pola súa especial contribución á divulgación científica.

Os premios nas **oito modalidades** teñen as dotacións e están suxeitos ás condicións que se especifican en cada caso. Os premios quedarán sometidos ás retencións fiscais conforme á lexislación vixente.

Os premios non poderán ser distribuídos entre dúas ou máis candidaturas, pero o Xurado poderá declaralos desertos. No caso de que se presente un traballo realizado por varias persoas autoras, entenderase que a presentación é conxunta, e o importe do premio repartirase entre eles en partes iguais.

ENTREGA DE PREMIOS

Os Prismas entregaranse no transcurso dun acto que terá lugar na Coruña o sábado 16 de novembro de 2019.

A Organización correrá cos gastos de participación nos actos de entrega dunha soa persoa, en representación de cada modalidade. No caso de que as persoas galardoadas non residan en España, os gastos de participación aplicaranse aos desprazamentos e aloxamentos necesarios dentro do territorio español.

XURADO

Os Prismas outorgaranse por votación dun Xurado de polo menos seis membros, nomeados pola Organización entre persoas de recoñecido prestixio no campo da divulgación científica, o xornalismo científico ou o ensino das ciencias.

O Alcalde da Coruña, ou persoa en quen delegue, presidirá o Xurado, e actuará como Secretario o xefe de servizo dos Museos Científicos Coruñeses. Corresponde á presidencia do Xurado dirixir e ordenar as deliberacións e votacións, sendo depositario, en caso de empate, do voto de calidade. O secretario velará polo cumprimento destas bases.

- As deliberacións do Xurado serán secretas.

- Os veredictos do Xurado serán inapelables.

Para a concesión dos premios, o Xurado valorará os traballos conforme aos seguintes criterios:

- Que demostren rigor científico e un adecuado estilo educativo.
- Que comuniquen de forma clara e sinxela temas científicos de interese e de actualidade.
- Que posúan capacidade de divulgación e creatividade para comunicar a ciencia.

ORGANIZACIÓN

A Organización corre da conta dos Museos Científicos Coruñeses do Concello da Coruña. Un comité de selección, que traballará baixo a responsabilidade da Organización, axudará a establecer os niveis mínimos de calidade en cada categoría e asistirá ao Xurado cando este o solicite. A presentación de candidaturas supón a conformidade dos participantes coas bases. Calquera cuestión non recollida nelas resolverase a discreción pola Organización. As persoas participantes comprométese a xustificar a veracidade dos datos que faciliten sobre as candidaturas presentadas.

Farase entrega dos Prismas á persoa física ou representante da persoa xurídica que figure como candidato/a na presentación.

As persoas galardoadas participarán nos actos organizados con motivo da entrega de premios segundo lles sexa solici-

tado pola Organización.

Non poderán ser premiados aqueles traballos realizados polo persoal dos Museos Científicos Coruñeses ou o Concello da Coruña.

CONTIDO

Os traballos presentados como candidatos aos premios versarán sobre calquera tema en relación coas ciencias físicas e naturais, tanto nos seus aspectos xerais, como en calquera das súas ramas ou aplicacións prácticas. Os traballos, actividades e iniciativas obxecto de candidatura han de estar dirixidos ao público en xeral, excluíndose os destinados a especialistas.

AUTORÍA

As persoas participantes garantirán que son os lexítimos autores ou autoras dos traballos presentados, que ostentan os dereitos de propiedade intelectual requiridos para a presentación dos traballos con todos os seus elementos (noticias, artigos, reportaxes ou pezas informativas, imaxes, son, bandas sonoras, etc.) no presente certame, e que a presentación dos mesmos non vulnera os dereitos de terceiros.

Así mesmo, as persoas participantes fanse responsables das reclamacións que en calquera momento puidesen formularse sobre a autoría e orixinalidade dos traballos e sobre a titularidade dos dereitos, todo iso conforme á normativa vixente de propiedade intelectual. O Concello da Co-

ruña non se fai responsable dos prexuízos que puidese ocasionar o incumprimento da anterior garantía, podendo exercitar as accións legais oportunas con vistas a reparar os danos e quebrantos ocasionados.

Non se farán públicos os nomes das persoas participantes non premiadas.

PRESENTACIÓN

Cada candidatura irá acompañada dunha ficha de participación que será enviada por correo electrónico a: premios@casaciencias.org

As candidaturas que requiran o envío de material serán remitidas, xunto coa copia da ficha de participación, á seguinte dirección:

XXXII CONVOCATORIA
Prismas Casa das Ciencias á Divulgación
Parque de Santa Margarita, s/n
15005 A Coruña
España

Para máis información:

Teléfono: (+34) 981 189 846

Correo electrónico:
premios@casaciencias.org

Internet:
www.coruna.gal/gl/premios/prismas

PRISMA A VÍDEO

BASES ESPECÍFICAS

PREMIO

Ao mellor traballo en vídeo de divulgación científica entre todos os presentados, “Prisma de Bronce” e catro mil euros (4.000 euros).

CONDICIÓNS

Poderán optar a este Prisma documentais ou programas de televisión cuxa primeira exhibición pública tivese lugar en 2018. No caso de producións por capítulos, poderanse presentar un máximo de dous episodios, cada un deles mediante a súa correspondente ficha de participación. Todos os traballos serán orixinais e deberán presentarse nun soporte dixital ou ben mediante un enlace para a súa descarga.

Os vídeos en idioma distinto ao castelán ou galego acompañarán a tradución dos contidos correspondentes a un destes dous idiomas, ou unha versión con subtítulos en castelán ou galego.

OUTRAS CIRCUNSTANCIAS

1. En caso de optar por soportes físicos, cada un conterà unicamente un traballo.
2. Para a súa exhibición pública durante a celebración da entrega de premios, os audiovisuais poderán ser dobrados ou subtitulados.

3. As copias presentadas quedarán en propiedade da organización, e poderán ser proxectados de forma gratuíta nos Museos Científicos Coruñeses. Non se transferirán a persoas ou entidades alleas á Organización, salvo autorización expresa dos titulares dos dereitos de autor.

PRAZO DE PRESENTACIÓN

Finaliza o 31 de xullo de 2019 ás 12 horas.

PRISMA A NOVOS MEDIOS

BASES ESPECÍFICAS

PREMIO

Ao mellor traballo en novos medios (sitio web, canle en redes sociais, blog, etc.) adicado á divulgación científica, «Prisma de Bronce» e catro mil euros (4.000 euros).

CONDICIÓNS

Poderán optar ao Prisma os traballos publicados en 2018, e deberán estar dispoñibles para ser consultados desde o 1 de xullo ao 1 de decembro de 2019, debendo comunicarse calquera cambio de dirección destes durante devandito período.

No caso de traballos por entradas (canles de YouTube, blogs, etc.), as candidaturas constarán dunha única ficha de participación na que deberán explicitar un máximo de tres entradas concretas publicadas en 2018 como representativas do conxunto do traballo presentado.

Os traballos en idioma distinto ao castelán ou galego acompañarán a tradución dos contidos correspondentes a un destes dous idiomas.

PRAZO DE PRESENTACIÓN

Finaliza o 31 de xullo de 2019 ás 12 horas.

PRISMA A TEXTO INÉDITO

BASES ESPECÍFICAS

PREMIO

Ao mellor texto orixinal e inédito de divulgación científica, «Prisma de Bronce» e catro mil euros (4.000 euros).

CONDICIÓNS

A extensión mínima dos traballos será de 220.000 caracteres sen espazos, escritos en tipo de letra Helvética ou Arial, con corpo de letra 14, e en páxinas numeradas. Presentaranse en formato pdf, e irán asinados pola persoa ou persoas autoras. Tamén se poderá participar baixo pseudónimo, nese caso será indispensable que o texto vaia acompañado dun sobre pechado onde conste nome e apelidos, domicilio, teléfono e correo electrónico da/s persoa/s autora/s.

Poderán presentarse nesta categoría traballos impresos mediante procedementos de auto-edición cando esta se realizara en 2018.

Os traballos en idioma distinto ao castelán ou galego acompañarán a tradución dos contidos correspondentes a un destes dous idiomas.

OUTRAS CIRCUNSTANCIAS

O Concello da Coruña facilitará ás persoas autoras da obra gañadora, a súa edición, publicación e distribución.

As persoas premiadas ceden os dereitos que lle correspondan pola primeira edición do libro, ata unha tirada máxima de 10.000 exemplares e sen ningunha outra restrición, ao Concello da Coruña, quen poderá xestionar a edición do mesmo en colaboración con calquera entidade pública ou privada. Se o Concello da Coruña non editase, por si ou a través doutro, o texto premiado nun prazo de dous anos, a persoa ou persoas autoras recobrarán os dereitos de primeira edición.

Os orixinais non premiados serán devoltos durante os tres meses posteriores ao veredicto do Xurado, se a persoa ou persoas autoras así o solicitan na presentación da candidatura. A Organización poñerá o máximo coidado para conservar os mesmos, aínda que non pode facerse responsable do seu deterioro ou perda fortuíta.

PRAZO DE PRESENTACIÓN

Finaliza o 31 de xullo de 2019 ás 12 horas.

PRISMA A LIBRO EDITADO

BASES ESPECÍFICAS

PREMIO

Ao mellor libro de divulgación científica publicado e distribuído en España, que se outorgará á editorial e consistirá nun «Prisma de Bronce».

CONDICIÓNS

Poderán optar todos os libros editados e publicados en España durante o ano 2018.

Os traballos que fosen obxecto de impresión mediante procedementos de autoedición non poderán presentarse nesta categoría, debendo presentarse na de textos inéditos se cumpren as condicións para iso.

OUTRAS CIRCUNSTANCIAS

Os libros poderán ser presentados polas editoriais ou polas persoas autoras, que enviarán dous exemplares. Eses exemplares pasarán a formar parte dos fondos documentais dos Museos Científicos Coruñeses.

PRAZO DE PRESENTACIÓN

Finaliza o 30 de xuño de 2019 ás 12 horas.

PRISMA A ARTIGO XORNALÍSTICO

BASES ESPECÍFICAS

PREMIO

Ao mellor artigo xornalístico de divulgación científica publicado nun medio de comunicación, que se outorgará á persoa autora e consistirá nun «Prisma de Bronce» e catro mil euros (4.000 euros).

CONDICIÓNS

Poderán optar ao Prisma os artigos xornalísticos publicados en 2018.

Os artigos escritos en idioma distinto ao castelán ou galego acompañarán a tradución correspondente nun destes dous idiomas.

Presentarase unha ficha de participación por cada artigo, ata un máximo de dous por cada autor ou autora.

A documentación presentada non se devolverá, nin se manterá correspondencia sobre a mesma.

OUTRAS CIRCUNSTANCIAS

Os traballos presentaranse en formato PDF, por correo electrónico ou mediante enlace para a súa descarga, ben polas propias persoas autoras, ou por calquera

persoa ou entidade que asegure o consentimento daqueles. Só se admitirán dous artigos como máximo por autor/a.

PRAZO DE PRESENTACIÓN

Finaliza el 31 de xullo de 2019 ás 12 horas.

PRISMA A TRABALLO EN RADIO

BASES ESPECÍFICAS

PREMIO

Á mellor peza (episodio dun programa, noticia, entrevista,...) de radio de divulgación científica, que se outorgará á persoa autora e consistirá nun «Prisma de Bronce» e catro mil euros (4.000 euros).

CONDICIÓNNS

Poderán optar ao Prisma a persoa ou persoas autoras de pezas radiofónicas emitidas durante o ano 2018 sobre un tema científico ou tecnolóxico, que foran difundidos por unha emisora de radio ou podcast. Cada peza considerárase como unha candidatura independente, non podendo presentarse tempadas enteiras.

Presentarase unha ficha de participación por cada programa de radio, ata un máximo de dous por cada autor ou autora.

Os programas emitidos en idioma distinto ao castelán ou galego acompañarán a tradución correspondente nun destes dous idiomas.

Os traballos serán orixinais e deberán presentarse en formato dixital, xa sexa en soporte físico ou mediante un enlace para a súa descarga.

OUTRAS CIRCUNSTANCIAS

Os traballos presentaranse pola propia persoa ou persoas autoras, ou por calquera persoa ou entidade que asegure o consentimento daqueles.

PRAZO DE PRESENTACIÓN

Finaliza o 31 de xullo de 2019 ás 12 horas.

PRISMA PROXECTO SINGULAR

BASES ESPECÍFICAS

PREMIO

Á persoa, agrupación, colectivo ou institución galardoada que recibirá un «Prisma de Bronce» e catro mil euros (4.000 euros).

CONDICIÓN

Poderán ser candidatos os proxectos singulares de divulgación científica que sexan executados durante 2018 ou finalicen durante ese ano a súa execución. Deberán demostrar unha ampla e diversa participación cidadá, referíndose o carácter singular á diversidade ou novidade dos medios empregados para a súa execución.

Os proxectos realizados en idioma distinto ao castelán ou ao galego acompañarán a tradución correspondente nun destes dous idiomas.

Deberase cumprimentar a ficha de participación, que se presentará acompañada dun máximo de 20 páxinas de documentación acreditativa dos méritos alegados. Esta documentación poderá presentarse en formato PDF ou impresa a dobre cara, con tipo de letra Helvética ou Arial, de tamaño 12 e interliñado sinxelo. Tamén poderá achegarse o documento audiovisual que se considere conveniente, pero non

poderá pasar os cinco minutos de duración. En caso de optar por presentar a candidatura utilizando medios telemáticos, toda a documentación presentárase nun único envío por correo electrónico ou mediante enlace para a súa descarga.

A documentación presentada non se devolverá, nin se manterá correspondencia sobre a mesma.

OUTRAS CIRCUNSTANCIAS

Os traballos presentaranse pola propia persoa ou persoas autoras, ou por calquera persoa ou entidade que asegure o consentimento daqueles.

PRAZO DE PRESENTACIÓN

Finaliza o 31 de xullo de 2019 ás 12 horas.

PRISMA ESPECIAL DO XURADO

BASES ESPECÍFICAS

PREMIO

Á persoa ou institución galardoada que recibirá un «Prisma de Bronce».

CONDICIÓNS

Poderán ser candidatas as persoas físicas ou xurídicas que se significaron pola súa contribución singular á divulgación científica e que desenvolvan a súa actividade en España.

As candidaturas non poderán ser presentadas polas propias persoas interesadas, senón que deberán ser propostas por universidades, reais academias, colexios profesionais, organismos e empresas públicas, museos, planetarios, acuarios, xardíns botánicos e zoolóxicos, centros de investigación, fundacións, medios de comunicación e outras entidades públicas e privadas.

A candidatura implica a dispoñibilidade da persoa física ou xurídica que se presenta como candidata para asistir e recoller o premio na cerimonia de entrega.

Deberase cumprimentar a ficha de participación, que se presentará acompañada dun máximo de 20 páxinas de documentación acreditativa dos méritos alegados.

Esta documentación poderá presentarse por correo electrónico en formato PDF ou impresa a dobre cara, con tipo de letra Helvética ou Arial, de tamaño 12 e interliñado sinxelo. A documentación presentada non se devolverá, nin se manterá correspondencia sobre a mesma.

PRAZO DE PRESENTACIÓN

Finaliza o 31 de xullo de 2019 ás 12 horas.

RELACIÓN DE GAÑADORES/ AS DOS PRISMAS CASA DAS CIENCIAS

Traballos en vídeo

- 2018 «El reloj interno». Pere Estupinyà
- 2017 «¡Qué animal! Parque natural de las fragas do Eume». Carme Nicolás, Manuel Muñoz e Pere Figuerola.
- 2016 «Soy esa bacteria que vive en tu intestino». Julio Ruiz Monteagudo.
- 2015 «Científicos del IRB Barcelona bailan por la investigación en cáncer, Alzheimer y diabetes». Institut de Recerca Biomèdica de Barcelona.
- 2014 «Wildmed, el último bosque mediterráneo». Arturo Menor Campillo.
- 2013 «La maldición del cocodrilo de Ricla». Carmina Puyod.

Traballos audiovisuais

- 2012 «Escépticos ¿Fuimos a la Luna?». José Antonio Pérez González
- 2011 «En busca del primer europeo». Televisión Española y Turkana Films.

Traballos multimedia

- 2010 «En busca do mexillón de río».
Federico de la Peña Santos.
- 2009 «Descubriendo el comportamiento animal».
Alberto José Redondo Villa y Juan Carranza Almansa.
- 2008 «El nuevo universo, cómo la física cambió al mundo».
Ana Luisa Montes de Oca, Alberto Nullman, Alberto Guijosa y Alejandro Corichi.
- 2007 «Los mares dulces de Galicia».
Manuel Enrique García.
- 2006 «Colón, los enigmas».
M^a Jesús Cañellas y Pedro Pablo Menéndez. TVE.
- 2005 «caosyciencia.com».
Annia Domènech.
- 2004 «Mar de estrelas».
Jorge Candán.
- 2003 Anuario «El observatorio 2002».
Canal Sur.
- 2002 «Misión a Marte».
M^a Jesús Cañellas. TVE.
- 2001 «Os tesouros da ría de Vigo».
Marevisión, S.L.
- 1999 «Enfermedades genéticas».
Universidad Autónoma de Barcelona.

- 1998 «Viaxe en Paramecio».
Carlos Pérez Valcárcel.
- 1997 «Atapuerca. El misterio de la
evolución humana». Javier Trueba.
- 1996 «El latido de la braña».
Federico de la Peña Santos.
- 1995 «A Cavern Beyond Time».
Cristian Lascu.
- 1994 «Otros vecinos. Flora y fauna
de los pueblos». Juan A.
Rodríguez Llano, Enrique J. Coto,
Ramón Campoamor.
- 1993 «Hubble: Report From Orbit».
Mark C. Petersen.
- 1992 «Aigüamolls de L'Empordà: Zona
dulce». Pedro Rubio.
- 1991 «Oxygen, What a Gas!».
Jack Micay.
- 1990 «¿El retorno de Némesis?» Vídeo
Play Serveis.
- 1989 «Energía Solar».
Manuel Toharia Cortés.
- 1988 «Los trasplantes». UNED.

Traballos en radio

- 2018 «Radioscopio: viaje a Lovaina».
Susana Escudero Martín,
Emilio J. García Gómez-Caro y
José M. Álvarez Estévez.

- 2017 «El Café cuántico 6: sobre primates, ratones y feromonas». Elena Denia, Antonio Sánchez y Héctor Vives.
- 2016 «Manipulaciones de la memoria». Susana Escudero Martín y Emilio J. García Gómez-Caro.
- 2015 «El cambio climático: ¿El tiempo se ha vuelto loco?». Javier Gregori Roig.
- 2014 «Un protozoo gigante en la costa murciana». M^a Josefa Moreno.
- 2013 «¿Vacunas? Sí, por supuesto». Manuel Vicente García

Sitio web e redes sociais

- 2018 «Gaussianos». Miguel Ángel Morales Medina.
- 2017 «Ciencia de sofá ». Jordi Pereyra Marí.
- 2016 «Principia». Enrique Royuela, Cristina Escandón y Javier Díaz Romeral.
- 2015 «Materia». Patricia Fernández de Lis.
- 2014 «Agencia SINC». Esperanza García Molina. FECYT.
- 2013 «Mati y sus mateaventuras». Clara Grima Ruiz y Raquel García Ulldemolins.

2012 «Naukas». Javier Peláez, Antonio Martínez y Miguel Artime.

2011 «Oliba.uoc.edu/adn». Jordi Doménech Casal.

Traballos en soporte informático

2000 «La ciencia es divertida». Antonio Varela Caamaño.

1999 «Cómo funcionan las cosas». Zeta Multimedia, S.A.

1998 «La Tierra». Zeta Multimedia, S.A.

1997 «Taller de inventos». Zeta Multimedia, S.A.

1996 «Enciclopedia de la naturaleza». Zeta Multimedia, S.A.

1995 «Enciclopedia virtual de la ciencia». Zeta Multimedia, S.A.

1994 «Earth and Universe». Armagh Planetarium.

Libros editados

2018 «¿Funcionan las vacunas?». Editorial Next Door Publishers.

2017 «Todo es cuestión de química». Editorial Paidós.

- 2016 «Orígenes. El Universo, la vida, los humanos». Editorial Crítica, Grupo Planeta.
- 2015 «Comer sin miedo». Editorial Destino.
- 2014 «Donde el día duerme con los ojos abiertos». Editorial Anagrama.
- 2013 «Los engaños de la mente». Ediciones Destino-Grupo Planeta.
- 2012 «La nariz de Charles Darwin y otras historias de la neurociencia». Editorial Almuzara.
- 2010 «Evolución. El mayor espectáculo sobre la Tierra». Editorial Espasa.
- 2009 «Por qué creemos en cosas raras. Pseudociencia, superstición y otras confusiones de nuestro tiempo». Alba Editorial.
- 2008 «Darwin y el diseño inteligente. Creacionismo, cristianismo y evolución». Alianza Editorial.
- 2007 «Cuerdos entre locos. Grandes experimentos psicológicos del siglo XX». Alba Editorial.
- 2006 «Darwin el viajero». Editorial El Rompecabezas.

- 2005 «Hijos de un tiempo perdido. La búsqueda de nuestros orígenes». Editorial Crítica.
- 2004 «El hombre que calumnió a los monos». Acento Editorial.
- 2003 «1.001 datos sobre el cuerpo humano». Editorial Molino.
- 2002 «Las siete hijas de Eva». Editorial Debate.
- 2001 «El fin del envejecimiento». Tusquets Editores.
- 2000 «¿Por qué es divertido el sexo?». Editorial Debate.
- 1999 «Atapuerca. Un millón de años de historia». Plot Ediciones y Editorial Complutense.
- 1998 «La sexta extinción». Tusquets Editores.
- 1997 «Viaje a las hormigas». Editorial Crítica. Grupo Grijalbo-Mondadori.
- 1996 «Las mentiras de la ciencia». Alianza Editorial.
- 1995 «La naturaleza no natural de la Ciencia». Acento Editorial.
- 1994 «El libro de la vida». Editorial Crítica. Grupo Grijalbo-Mondadori.

1993 «Genoma». Plaza & Janés,
Editores S.A.

Textos inéditos

2017 «¡Hay una mujer en mi experimento!
Un viaje con las grandes científicas
de la historia».

Jorge R. Gutiérrez Bolívar.

2016 «Fractales y Caos. La aventura
de la complejidad». Vicent J.
Martínez, Fernando J. Ballesteros y
Silvestre Paredes.

2014 «El encantador de saltamontes».
David González Jara.

2012 «Dispara tu primero y otras
historias de la neurociencia».
José Ramón Alonso Peña

2010 «El siglo de oro de la
Biotecnología vegetal. Cien años
que han cambiado nuestra visión
de las plantas». José María Seguí.

2009 «Vivir dos vidas. Un viaje por
la metamorfosis de los insectos».
Xavier Bellés.

2006 «En el límite de la vida. Un siglo
de virus». Vicente Pallas.

2005 «Cuando éramos caníbales».
Carles Lalueza Fox.

2004 «Tenseguridad. Estructuras en
la naturaleza». José Antonio
Bustelo Lutzardo.

- 2003 «El genoma fluido». Josep M. Casacuberta.
- 2002 «Adaptarse a Internet. Mitos y realidades sobre los aspectos psicológicos de la red». Helena Matute.
- 2001 «Oráculos, profetas y futurólogos». Pablo Francescutti Pérez.
- 2000 «Metaevolución. La Tierra en el espejo». Pedro Gómez Romero.
- 1999 «El precio biológico de la civilización». Isaac Amigo Vázquez.
- 1998 «Las plantas en la brujería medieval». J. Ramón Gómez Fernández.
- 1997 «La revolución del metro». José A. de Lorenzo Pardo.
- 1996 «El arca de la biodiversidad». José Antonio Pascual Trillo.
- 1995 «El rostro humano de la ciencia». Manuel Calvo Hernando.
- 1994 «Por los senderos de la ciencia». Constantino Armesto.
- 1993 «Láseres, emisores de luz especial». Manuel Luis Casalderrey.

Artigos xornalísticos

- 2018 «Se vende animal extinto por un euro». Nuño Domínguez.
- 2017 «Como diseñar ADN en el garaje». Michele Catanzaro.
- 2016 «El funcionamiento de la anestesia continúa siendo un misterio». Jesús Méndez González.
- 2015 «¿En qué quedamos: es bueno o malo? Cuando lo malo se convierte en bueno». Pablo Linde.
- 2014 «La rectora Isabel, al descubierto». Antonio Alfredo López Mariño.
- 2013 «Nuevos desafíos en el sector energético». Amador Menéndez Velázquez.
- 2012 «Viaje al manto de la Tierra». Manuel Ansede.
- 2011 «Perelman no estuvo allí». Javier Fresán Leal.
- 2010 «¿Cuántos años me echas? Las edades del hombre... y todo lo demás». Elena Sanz Pérez de Guzmán.
- 2009 «El origen de todo». Silbia López de Lacalle.
- 2008 «Un “Big Bang” a 100 metros bajo tierra». Pablo Jáuregui.

- 2007 «¿Hemos sido diseñados?». Miguel Angel Sabadell.
- 2006 «Tsunamis, investigación después de la catástrofe». Luis de Luque.
- 2005 «La voz única de los Stradivarius». María Ares Espiñeira.
- 2004 «¿Para qué la ciencia?». José Manuel Sánchez Ron.
- 2003 «Una mirada al cosmos». Instituto de Astrofísica de Andalucía.
- 2002 «Vamos a experimentar con tu cuerpo». Miguel Barral.
- 2001 «Misterios de la memoria». Mónica Salomone.
- 2000 «Lo último sobre los cinco sentidos. Sensación de vivir». Jorge Alcalde.
- 1999 «El prodigio de la clonación». Enrique M. Coperías.
- 1998 «Marte, la última frontera». Alicia Rivera y Malén Ruiz de Elvira.
- 1997 «¡Impactos!». Mark Kidger.
- 1996 «Ecuaciones para ver el futuro». Juan I. Fernández Bayo.

Prisma ás Artes Escénicas

2014 «Mensaje para Chuck Norris: no te metas a científico, por favor te lo pido». Arturo Quirantes Sierra

2013 «Rosalind & Marie». HelenaTurboTeatro.

Prisma Especial do Xurado

2018 Clara Grima Ruiz..

2017 Jorge Mira Pérez.

2016 Revista «Astronomía».

2015 Ignacio Fernández Bayo.

2014 Cátedra de Cultura Científica de la Universidad del País Vasco/
Euskal Herriko Unibertsitatea.

2013 Ángel Carracedo Álvarez.

2012 Ramón Núñez.

2011 Margarita Salas.

2010 Diario Público. Sección de Ciencias.

2009 Revista «Mètode». Universitat de València.

2008 Miguel Angel Quintanilla Fisac.

2007 Suplemento «Futuro» de El País.

2006 Francisco Vázquez Vázquez.

2005 Parque de las Ciencias de Granada.

2004 Manuel Toharia Cortés.

2003 Instituto Astrofísico de Canarias.

2002 Tercer Milenio. Heraldo de Aragón.

2001 Manuel Calvo Hernando.

2000 Miguel Carreras Ezquerro.

PRESIDENCIAS DOS XURADOS EN ANOS ANTERIORES

2018 Carmen del Puerto Varela.

Jefa de la Unidad de Comunicación
y Cultura Científica del Instituto de
Astrofísica de Canarias.

2017 Ángel Carracedo, catedrático
de Medicina Legal da Universidade
de Santiago de Compostela.

2016 Juan Ignacio Pérez, director da
Cátedra de Cultura Científica da
UPV/EHU (Bilbao).

2015 Inés Rodríguez Hidalgo, directora
de la Fundación Museo de la
Ciencia de Valladolid.

2014 María Blasco Marhuenda,
directora del Centro Nacional de
Investigaciones Oncológicas.

- 2013 Pedro García Barreno. Catedrático de la Universidad Complutense de Madrid y miembro de la RAE.
- 2012 Carmen Vela, Secretaria de Estado de I+D+i del Ministerio de Economía y Competitividad.
- 2011 Carme Prats Joaniquet. Coordinadora del Sistema territorial del Museo Nacional de la Ciencia y la Técnica de Cataluña.
- 2010 Joandomenec Ros Aragonés. Catedrático de Ecología. Universitat de Barcelona.
- 2009 Vladimir Francisco de Semir. Universitat Pompeu Fabra
- 2008 José Manuel Fernández de Labastida. Secretario General de Política Científica y Tecnológica del Ministerio de Ciencia e Innovación.
- 2007 Eulalia Pérez Sedeño. Directora General de la Fundación Española para la Ciencia y la Tecnología.
- 2006 Ernesto Páramo Sureda. Director del Parque de las Ciencias de Granada.
- 2005 Manuel Toharia Cortés. Director del Museu de las Ciències Príncepe Felipe de Valencia.

- 2004 José María Bermúdez de Castro.
Profesor de Investigación del CSIC
y Vicepresidente de la Fundación
Atapuerca.
- 2003 Francisco José Rubia Vila.
Catedrático de Fisiología de
la Universidad Complutense de
Madrid.
- 2002 María Teresa Tellería. Directora del
Real Jardín Botánico de Madrid.
- 2001 Rolf Tarrach Siegel. Presidente
del Consejo Superior de
Investigaciones Científicas.
- 2000 Antonio Fernández Rañada.
Catedrático de la Facultad de
Física de la Universidad
Complutense de Madrid.
- 1999 Miguel Angel Quintanilla Fisac.
Director del Máster de Ciencia,
Tecnología y Sociedad de la
Universidad de Salamanca.
- 1998 Juan Pérez Mercader. Director del
Departamento de Astrofísica
Espacial y Física Fundamental del
Instituto Nacional de Técnica
Aeroespacial (INTA).
- 1997 José Manuel Sánchez Ron.
Catedrático de Historia de la
Ciencia de la Universidad
Autónoma de Madrid.
- 1996 Pierre Fayard. Catedrático
de Comunicación Científica de
la Universidad de Poitiers.

- 1995 Vladimir de Semir. Periodista científico, Coordinador de Suplementos de «La Vanguardia».
- 1994 Cayetano López Martínez. Profesor de Física Teórica. Universidad Autónoma de Madrid.
- 1993 Albert V. Baez. Físico y Educador.
- 1992 Pere Alberch Vie. Director del Museo Nacional de Ciencias Naturales.
- 1991 José Pardina Cáncer. Director de la revista «Muy Interesante».
- 1990 Manuel Calvo Hernando. Presidente de la Asociación Española de Periodismo Científico.
- 1989 Manuel Velasco López. Director Editorial de las revistas «Natura» y «Geo».
- 1988 Manuel Toharia Cortés. Periodista Científico.



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

CORUÑA
CULTURA

